

**Resolución do 13 de xaneiro de 2020, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario nos corpos da policía local, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 (DOG núm. 115, do 19 de xuño) pola que se lle da publicidade a diversos acordos.**

Na sesión que tivo lugar o día 10 de xaneiro de 2020, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195, do 14 de outubro), adoptou os seguintes acordos:

**Primeiro.** O quinto exercicio deste proceso selectivo correspondente ao recoñecemento médico realizáranse nas instalacións de Cualtis S.LU, sitas en:

- Sede Santiago de Compostela: Vía Pasteur, 45, Polígono de Tambre. 15890.
- Sede A Coruña: Avenida Fisterra, 265 A, 1º, 15008
- Sede Pontevedra: Paseo de Colón, 7, 36002
- Sede Vigo: Rúa Padre Seixas, 34 baixo, 36209

Levaranse a cabo os días 23,24 e 27 de xaneiro de 2020, nas datas e horas concretas que para cada aspirante se publicarán na páxina web da Agasp-

**Segundo.** Á realización desta proba quedan convocadas as persoas declaradas aptas no cuarto exercicio publicadas no anexo I da Resolución do 30 de decembro de 2019 deste tribunal.

**Terceiro.** As persoas aspirantes que teñen que realizar esta proba deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade, a xuízo do tribunal.

A Estrada, 13 de xaneiro de 2020

O presidente do tribunal

Alejandro Tuero González

